

INFORMACIÓN PARA EMPRESAS E NEGOCIOS

A **SD Compostela**, utilizando a súa grande repercusión mediática no seu entorno local, comarcal, e de toda Galicia, pode axudar á súa empresa ou negocio a **captar novos clientes, incrementar as súas vendas, e a dotar dun maior prestixio á súa marca.**

O noso clube está presente a diario en practicamente tódolos canais de comunicación: na prensa escrita, en radio e televisión (retransmisión de partidos, resumos das mellores xogadas, roldas de prensa e declaracións), e tamén en internet (redes sociais coma facebook e twitter, páxina web do clube, e newsletter a través do noso correo electrónico). Ademais, ós partidos do Compos en San Lázaro acuden unha media de 1200 a 1500 afeccionados, e a nosa masa social vai en aumento, con casi 1900 abonados de pago, e un total de 2400 abonados sumando tamén os abonos de fútbol base, os de nenos ou os Socios de Honra.

Entre os nosos anunciantes e patrocinadores temos **grandes casos de éxito**, como a cadea de gasolinerías SBC, que está facendo crecer o seu negocio gracias ó incremento de clientes rexistrado entre os abonados do Compos, que teñen un desconto cando repostan nas gasolinerías de SBC previa presentación do carnet de abonado. Esta fórmula, ademais, facilita que o noso patrocinador poida medir de forma concreta **o retorno de súa inversión publicitaria no clube**, pois os clientes derivados deste acordo comercial identifícanse voluntariamente para poder desfrutar dos seus descontos.

Nesta nova etapa de xestión da SD Compostela, baixo a presidencia de Antonio Quinteiro, queremos modernizar o concepto de inversión publicitaria no clube de fútbol, e non depender en exclusiva da compoñente emocional, senón atraer ás empresas para que colaboren con nós por motivos puramente económicos de retorno da inversión. Isto é factible debido a que na maioría dos casos das empresas e negocios de Santiago, **os seus clientes son tamén os nosos afeccionados e abonados**, e polo tanto existe unha interese común de explotación comercial dos nosos activos.

A continuación describimos brevemente as principais formas de colaboración que a SD Compostela ofrece á súa empresa ou negocio.

PUBLICIDADE E PATROCINIO

O noso clube dispón de plataformas moi diversas polas que facer chegar a súa mensaxe ós seus clientes potenciais:

- publicidade nas camisetas e equipacións de xogo da SD Compostela (só dispoñible para o patricinador principal e para os patrocinadores oficiais do clube)
- publicidade no estadio de San Lázaro durante os partidos, a través da megafonía, ou en forma de vallas ou lonas, con impacto directo non só nos espectadores do estadio senón nos espectadores que os ven por televisión ou que ven os resumos coas mellores xogadas e os goles do partidos
- publicidade na sala de prensa (mesa ou photocall), que sae nos resumos da televisión
- presentación de xogadores nas súas instalacións (con cobertura mediática de prensa, televisión e redes sociais)

- reparto de publicidade coas súas ofertas comerciais físicamente no estadio ou a través de internet e correo electrónico ós nosos abonados
- participación dos xogadores e corpo técnico da SD Compostela en actos promocionais e colaboración do clube en campañas comerciais conxuntas, lanzamento de produtos, promoción de marcas, etc.

CARNÉS DE ABONADO

Outra forma de colaborar coa SD Compostela desde a súa empresa ou negocio son os carnés de abonado, que pode utilizar para ter un detalle cos seus clientes ou cos seus traballadores, agasallándoos coa experiencia de asistir ó estadio nos partidos do Compos en San Lázaro.

Packs para empresas:

Cada xornada que o Compos dispute como local pode utilizar os seus catro ou oito abonos de temporada para fidelizar as súas relacións comerciais invitando ós seus clientes a asistir ós partidos de San Lázaro, ou mesmo agasallar ós seus empregados axudando a crear equipo.

- 4x TRIBUNA: 363€ (300€ + IVA)
- 8x TRIBUNA: 713,9€ (590€ + IVA)
- 4x PREFERENCIA: 302,5€ (250€ + IVA)
- 8x PREFERENCIA: 592,9€ (490€ + IVA)

Palcos VIP:

No exclusivo palco VIP do Estadio de San Lázaro coinciden cada partido do Compos os máis importantes empresarios de Santiago, coa conseguinte oportunidade de networking e relacións sociais que isto permite. Ademais, permite disfrutar do partido de fútbol coas mellores vistas do estadio, e inclúe servizo gratuito de catering e de bar no lecer do partido.

- PALCO VIP: 250€ (206,6€ + IVA)

Pode consultar toda a información sobre cómo facerse abonado do Compos ou cómo mercar os packs de empresas ou os abonos para o palco VIP a través da nosa páxina web:

<http://sdcompostela.com/aficion/como-hacerse-socio>

Abonos individuais

Se simplemente está interesado en adquirir un ou varios abonos a título persoal, para poder asistir a tódolos partidos da temporada regular da SD Compostela como local, pódese mercar online a través do seguinte enlace:

<http://sdcompostela.com/comprar-abonos>

- TRIBUNA: 95€
- PREFERENCIA: 75€
- FONDO NORTE: 45€

*Para máis información sobre publicidade e patrocinios, pódese poñer en contacto directamente con **Álex Piñeiro, director xeral do clube**, a través do teléfono das nosas oficinas (tlf. 981577041) ou directamente enviando un correo electrónico a:*

directorgeneral@sdcompostela.com